



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



HT
Herald Toupeiras
Estamos **X**ti



News Semanais

Do 22 ao 27 de febreiro

2016

INDICE:

1. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE PERSOAL - 24 DE FEBREIRO DE 2016
2. NOTA INFORMATIVA RELATIVA A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA R.P.T DE PERSOAL DE CENTROS EDUCATIVOS - 23 DE FEBREIRO
3. LISTAS DE CONTRATACIÓN XUNTA DE GALICIA
4. NOTA INFORMATIVA DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL - 24 DE FEBREIRO
5. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA
6. CURSOS DO INAP PARA PERSOAL DAS DISTINTAS ADMINITRACIÓNS PÚBLICAS
7. PRAZAS ESCOLAS INFANTIS 0-3 ANOS
8. OUTRAS NOVAS: CURSOS EGAP, OEP, RPT, INSTRUCCIÓN SOBRE VACACIÓNS, PERMISOS...
9. OS SETE CONSELLOS PARA MELLORAR A SAÚDE CARDIOVASCULAR - AMERICAN HEART ASSOCIATION
10. THE WEEKLY PRESS
11. PROGRAMA DE ADOPCIÓNS ESPECIAIS - FUNDACIÓN MENIÑOS

1. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE PERSOAL - 24 DE FEBREIRO DE 2016

Remítese a continuación un breve resume do reflectido o 24 de febreiro de 2016 na Comisión de Persoal, na que se levaron os seguintes puntos:

1. **Lectura e aprobación, se procedese, das actas das sesións anteriores.** Quedan pendentes para a súa aprobación na vindeira mesa as actas que se recollidas, tras as alegacións efectuadas.
2. **Proxecto de Orde pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso na categoría 003 (ordenanza e outras) do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, en prazas reservadas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.**

Sobre o borrador anterior fixéronse as seguintes modificacións:

- Ampliouse o tempo para a realización dos exercicios, de 80 a 90 minutos o primeiro, e de 30 a 60 o segundo.
- Engadiuse a posibilidade de levarse a cabo accións de formación e orientación socio laboral, así como o apoio ao desenvolvemento no posto de traballo ao longo da súa carreira profesional.

CSI•F critica que non se estableza unha norte de corte predeterminada nas bases da convocatoria.

Resultado da votación: **CSI•F:** Abstención, CIG: Abstención, CCOO: En contra e UGT: A favor.

3. **Proxecto de Orde pola que se aproba o temario que rexerá o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de veterinarios.**

Resultado da votación: **CSI•F:** En contra, CIG: En contra, CCOO: En contra e UGT: En contra.

4. **Resolución da Dirección Xeral da Función Pública pola que se ditan instrucións sobre réxime de vacacións permisos e licenzas.**

Respecto do último borrador remitido fixéronse as seguintes modificacións:

- Ámbito de aplicación: para que resulte aplicable ao persoal estatutario que non presta servizos no Servizo Galego de Saúde.
- Respecto das vacacións engadiuse o seguinte parágrafo respecto do persoal a quendas.

“Para garantir a continuidade asistencial e unha correcta prestación dos servizos públicos, como regra xeral para o persoal a quendas o número máximo de solicitudes de vacacións autorizables será da metade das presenzas de cada departamento ou unidade durante o período de verán e dun terzo durante o período de nadal”.



- Engadiuse, respecto do exame para concorrer a exames finais, que no caso de que se trate de probas selectivas no ámbito do emprego público e estas se celebren fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, poderá concederse ademais o tempo indispensable para o desprazamento, valorando as circunstancias do caso concreto polo órgano de persoal competente
- No permiso de lactación aclarouse que se poderá facer uso deste permiso con independencia de que o outro proxenitor non traballe.
- Engadiuse o permiso retribuído para as funcionarias e as laborais en estado de xestación.
- Na redución de xornada por interese particular, prevese a adaptación progresiva da xornada laboral para tratamentos oncolóxicos.

Resultado da votación: **CSI•F:** Abstención, CIG: En contra, CCOO: Abstención e UGT: Abstención.

5. Orde da Dirección Xeral da Función Pública pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Resultado da votación: **CSI•F:** En contra, CIG: En contra, CCOO: En contra e UGT: En contra.

6. Proposta de Acordo da Administración e as OOSS sobre o incremento das prazas para a Ope de 2016 na promoción interna para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e o incremento da promoción interna das prazas acumuladas da Ope 2015 nos procesos da Ope 2016 e a agenda específica de discapacidade intelectual.

Respecto do anterior borrador, engadíronse a petición das organizacións sindicais dous apartados:

- O compromiso de ofertar na OPE 2017 postos das categorías de persoa laboral das categorías mais numerosas nas que haxa unha maior temporalidade.
- O compromiso de convocar e resolver definitivamente un concurso de traslados para o persoal laboral fixo dos Grupos IV e V antes da toma de posesión do novo persoal das categorías convocadas na OPE 2016.

Resultado da votación: **CSI•F:** A favor, CIG: En contra, CCOO: A favor e UGT: A favor.

7. Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondentes a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

Resultado da votación: **CSI•F:** En contra, CIG: En contra, CCOO: En contra, UGT: En contra.

8. Rogos e preguntas.

- **Oposicións aos Corpos Xerais da Xunta de Galicia:** Respecto dos exames de promoción interna e acceso libre, sinalase polo DXFP que comezarase pola promoción interna, prevéndose que o primeiro exercicio será no mes de maio. Posteriormente, no mes de xuño, tería lugar a realización dos primeiros exercicios de acceso libre.

- **Temarios das oposicións:** Na vindeira semana daranse prazos concretos de cando estarán finalizados os temarios de veterinarios, demais corpos especiais, así como os da administración xeral, que está a elaborar Función Pública (a este respecto precisar que hai temarios que elabora a EGAP e outros que elabora Función Pública).
- En relación có **concurso xeral de traslado de funcionarios** sinálase polo DXFP que, aínda que existen problemas informáticos que afectan á baremación, entenden que non debería causar demoras.
- Respecto da **Paga Adicional do ano 2013**, dende Función Pública sinálase que non teñen coñecemento de que se vaia a aboar de oficio.
- **Adaptación de Estatutos de determinados entes instrumentais á Lofaxga:** Os seguintes entes instrumentais están fase de adaptación dos seus estatutos á LOFAXGA: Instituto Galego de Estatística, Instituto Galego de Consumo e AGADER.
- Nas vindeiras reunións continuarase coas negociacións das **Instrucións de funcionamento Tribunais de Selección e do Decreto de Listas**. O compromiso da DXFP, a instancias da CSI•F, é que para os vindeiros procesos selectivos serán xa de aplicación as novas instrucións de tribunais que, a expensas de rematar as negociacións, consideramos máis garantistas para os opositores e que limitarían en grande medida as posibilidades de actuación arbitraria con que veñen actuando determinados tribunais.
- A pregunta da CSI•F sobre a reanudación da **RPT de AGADIC**, o DXFP informa que en breves datas continuarase coas negociacións, tendo a previsión de que no prazo dun mes aproximadamente esta xa aprobada a nova RPT e publicada no DOG.
- Dende CSI•F pediuse que na orde do día da seguinte Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos se incluíra o informe por parte da DXRRHH do SERGAS sobre o estado da **modificación global da RPT da Consellería de Sanidade e, en concreto, respecto do compromiso de incremento do complemento específico dos FIS**. Todo elo debido a que representante do SERGAS na Mesa Xeral non dispoñía de información ao respecto.
- Tamén solicitouse dende CSI•F que na seguinte Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos se incluíra un punto na orde do día para que o Director Xeral de Función Pública informase sobre o **calendario para a adaptación á Lofaxga da totalidade dos entes instrumentais do sector público**. A este respecto, dende a CSI•F denunciámos o incumprimento do goberno do disposto na Lofaxga e que tal incumprimento impide que os traballadores dos entes instrumentais que están aínda sen adaptar á Lofaxga se poidan beneficiar das Instrucións de Permisos, Licenzas e Vacacións.

2. NOTA INFORMATIVA RELATIVA A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA R.P.T DE PERSOAL DE CENTROS EDUCATIVOS - 23 DE FEBREIRO

Na reunión mantida o 23 de febreiro cos responsables da Consellería de Educación, a Administración trasládanos unha serie de propostas que resumimos a continuación:

Afirma que está disposta a dotar de máis postos de auxiliar administrativo a aqueles centros de educación infantil e primaria que contén cunha matrícula de 400 alumnos ou de 350 se contan con servizos de comedor e/ou transporte escolar. Así, segundo a administración, créanse 96 "novas dotacións" de auxiliar administrativo para estes centros, o que en realidade non supón a creación de 96 novos postos de auxiliar senón que derivan dos seguintes datos:

- Suprímense 8 postos de auxiliar administrativo ocupados por persoal funcionario interino.** Dende CSI•F non compartimos e opoñémos a esta proposta, toda vez que entendemos que seguen sendo precisos e necesarios.

O criterio seguido pola administración para amortizar estes oito postos, insistimos ocupados por persoal funcionario interino, non é o de empregar o orzamento destes para a creación doutros postos na RPT, senón que basean a súa motivación única e exclusivamente en que non son postos necesarios, e entre outras cousas, porque non foron ofertados no último concurso.

Dende a CSIF defendemos e seguimos insistindo en que non estarían ocupados por persoal interino se non fosen postos necesarios, pois evidentemente non se podería xustificar a súa cobertura durante todo este tempo. Por tal motivo, dende CSI•F opoñémosa a súa amortización, e en consecuencia, á perda de emprego por parte destes oito traballadores.

- ☑ **Suprímense 3 postos ocupados por persoal funcionario de carreira en réxime de comisión de servizos/adscrición provisional.** Na mesma liña que o anterior, dende CSI•F non entendemos nin compartimos que se amorticen postos ocupados cando non se fai necesaria a súa amortización por razóns orzamentarias. Son postos dotados nos orzamentos e que están sendo desempeñados por funcionarios de carreira neste caso, e polo tanto, entendemos que postos necesarios para o normal funcionamento dos centros onde se encontran.
- ☑ **Trasládanse un total de 30 postos de auxiliar administrativo** a centros de educación infantil e primaria coa finalidade de dotar deste persoal administrativo a estes centros para a realización de tarefas que neste momento están realizando os equipos directivos destes.

Dende CSI•F, polo que respecta a esta proposta de traslados, instamos a súa retirada e solicitamos que se doten a estes centros con postos administrativos de nova creación.



Do mesmo xeito, non entendemos os criterios que se seguen para a realización destas novas adscricións, que entendemos que son en realidade unha resignación de efectivos encuberta, e que o único que parece carrear é dotar a uns centros deste tipo de persoal para deixar a outros infradotados.

A Administración parece optar como criterio único para entender que os postos de auxiliar administrativo son excedentes no centro onde prestan os seus servizos o do número de alumnos matriculados. Para CSI•F, este criterio non pode ser único e/ou exclusivo, senón que hai que ter en conta outros factores, tales como: A carga de traballo pola realización de tarefas complementarias, a atención administrativa a outros centros educativos adscritos, a presenza no centro de estudantes doutras etapas educativas - secundaria, FP por exemplo-, complementarias, a atención administrativa a outros centros adscritos, etc.

Asemade, en moitos destes centros, o persoal administrativo ten que trasladarse ao núcleo urbano do que dependen para a realización de determinados trámites burocráticos, tempo no que as tarefas administrativas quedarían completamente desatendidas.

Xunto con todo isto, dende CSI•F tamén criticamos que a nova proposta de adscrición nin tan sequera foi consultada, debatida ou realizada de acordo nin conforme cos traballadores nin os propios centros educativos, xa que nalgúns casos podería darse incluso o caso do interese dun traslado voluntario.

Consecuentemente e por tal motivo, dende CSI•F, solicitamos a retirada destes cambios de adscrición e instamos á dotación de persoal administrativo nos centros de educación infantil e primaria por medio da creación se novos postos de traballo.

- ☑ **Trasládanse 4 postos de auxiliar administrativo de distintos centros de educación infantil e primaria a** outros centros do mesmo tipo, porque nos primeiros se produce unha baixada do número de alumnos. Dende CSI•F, tal e como argumentamos con anterioridade, non se debería optar por este criterio en exclusiva, senón a valoración conxunta de varios factores para tomar unha decisión deste calibre.
- ☑ **Amortízanse 22 postos (de persoal auxiliar e subalterno) vacantes neste momento pero con dotación orzamentaria.** Neste caso, dende CSI•F entendemos que debería xustificarse que os ditos postos foron ofertados no último concurso de traslados e que non foron solicitados, porque sendo postos con dotación orzamentaria, entendemos que son necesarios nos centros nos que se encontran e polo tanto deben ser cubertos, e non amortizados.
- ☑ **Suprímense 24 postos de profesores de relixión.** Esta supresión non estaba contemplada na memoria funcional que se remite ás organizacións sindicais para esta negociación, polo que reclamamos que se aporten máis datos ao respecto para poder analizar as ditas supresións.

A MODO DE CONCLUSIÓN:

1. **Dende a Administración infórmannos que os cambios que se recollen nesta proposta de modificación da RPT están previstos que se poñan en marcha de forma efectiva no mes de MAIO.**
2. **Queda prevista para unha segunda reunión, a celebrar previsiblemente o vindeiro martes día 1 de marzo, a posibilidade de acometer modificacións fundamentalmente no referido a:**
 - A. **Que se acometan modificacións segundo as alegacións que presentamos no que atinxe aos cambios de adscrición recorrendo a cambios de centro voluntarios.**
 - B. **A valoración respecto da supresión dos postos ocupados por persoal interino.**

3. LISTAS DE CONTRATACIÓN XUNTA DE GALICIA - DECRETO 37/2006

Resolución do 19 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai pública a **actualización provisional de méritos correspondente ao ano 2015** das listas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

As persoas interesadas disporán dun **prazo de 10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, para presentar reclamacións ante a Comisión Permanente Central (Dirección Xeral da Función Pública, Consellería de Facenda, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela).

Resolución do 19 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que, de conformidade co disposto no artigo 6 do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, se acorda o **peche e a apertura de determinadas listas para a incorporación de novas solicitudes** para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia e o nomeamento de persoal interino correspondente a determinados grupos, categorías, corpos e escalas.

4. NOTA INFORMATIVA DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL - 24 DE FEBREIRO

A raíz do cambio na Consellería, que actualmente é so de Política Social, infórmase nos que o Pleno do Comité de Seguridade e Saúde Laboral continuará coa mesma estrutura, pero unicamente trataranse temas de Política Social e que os temas de Traballo trataranse noutros comités.

Respecto da Residencia das Gándaras comunicámonos que xa se empezaron as obras para dotar de ventilación as instalacións afectadas por gas radón.

1.- AGRESIÓNS EN CENTROS RESIDENCIAIS

O representante de Riscos Laborais infórmanos de que se está traballando nun protocolo de actuación fronte agresións, pero que aínda non está moi avanzado. Fai fincapé na situación dos CAPDs que, pola tipoloxía dos usuarios, son máis proclives a sufrir agresións. Nestes centros contabilizáronse 33 agresións e se pretende que sexan obxecto de medidas de protección como o chamado "botón do pánico".

Dende CSIF apoiamos totalmente estas medidas, pero queremos poñer de manifesto as agresións que se producen diariamente noutros centros residenciais asistenciais onde conviven usuarios con enfermidades mentais sen dispoñer das estruturas técnicas nin materiais, nin persoal formado especificamente para a súa atención. Propoñemos por tanto a impartición de cursos que formen ao persoal tanto na forma de acougar ao agresor como en como protexerse da agresión.

Consideramos tamén que as residencias actualmente non están preparadas estruturalmente para atender a usuarios con enfermidades mentais. Na residencia de Oleiros producíronse varias agresións a outros residentes por parte de residentes con patoloxía mental, así coma no CRAPD de Vigo.

Consideramos que todos os residentes deben ser atendidos, pero non deben convivir nun mesmo centro dependentes físicos con dependentes psíquicos que poidan ser agresivos cando non hai persoal suficiente para garantir a súa seguridade, pois poden supoñer un grave risco tanto para os usuarios como para o persoal da residencia.

O representante de Riscos Laborais da Xunta convén en que é necesario volver a reformular os cursos e formar ao persoal dos CAPD e Residencias e sería importante que se habilite en cada centro unha aplicación ou programa informático onde se reflictan todas as agresións.

En canto á enquisa psicosocial levada a cabo no CRAPD de Vigo realizarase a primeira reunión da 2ª fase.

2.- RECOÑECIMENTOS MÉDICOS EN CENTROS DISTINTOS AO DO TRABALLO

Respecto dos recoñecementos médicos aos traballadores, infórmase nos que en Ourense xa se habilitaron dependencias novas nunha clínica para realizalas e na Mariña Lucense estanse liquidando as incidencias que se puxeron de manifesto o ano pasado.

Ao mesmo tempo queremos que se nos aclare que pasa co persoal contratado para a fin de semana en canto ao recoñecemento médico. O mesmo pasa cando os días que se lle ofrecen telemáticamente a un traballador/a para facer o recoñecemento médico coinciden cos seus días libres. Nestes casos comunicámonos que cun informe do director do centro remitido ao servizo de riscos laborais autorizando o cambio, non haberá problema para que o/a traballador/a realice o recoñecemento noutro centro.

3.- TRASLADO DE MATERIAL NO CRAPD DE VIGO POR PERSOAL AUXILIAR DE ENFERMERÍA E CARGA DE PESO NO TRABALLO.

A representante da xefatura territorial de Vigo comunicámonos que hai un proxecto para reducir o grado de inclinación da rampla por onde soben os carros e que, polo momento, non hai outro persoal ao que se lle poida encargar esta tarefa. Recordamos que non é tarefa das auxiliares realizar este tipo de traballo. Seguimos solicitando un mozo de almacén para este centro.

Insistimos en que non existe persoal suficiente nos centros sendo imposible asumir máis carga nas circunstancias actuais.

4.- GUINDASTRES

No que respecta aos guindastres adquiridos recentemente, estes están a dar problemas porque non son as adecuados para o traballo. En Oleiros están os guindastres aparcados á beira do almacén debido a esta inutilidade. A Subdirectora Xeral admite que houbo un erro por parte da adjudicataria. A Administración asegura que vela polos seus traballadores/ras e polos usuarios e por iso queren adquirir guindastres seguros para o paciente e para o coidador/a. Opinamos que debería consultarse directamente aos traballadores/as para asegurar a correcta adquisición deste material, pois son estes os que saben exactamente as necesidades específicas do seu traballo.

5.- ENFERMIDADE PROFESIONAL POR CONTAXIO EN CENTRO E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN ANTE ENFERMIDADE DE DECLARACIÓN OBLIGATORIA.

Nun caso concreto, para saber si se podería considerar enfermidade profesional, habería que pedir información a Saúde Pública.

Isto tamén sería trasladable aos centros asistenciais. En todos os centros ante unha situación de enfermidade de declaración obrigatoria (enfermidades contaxiosas) habería que aplicar o protocolo sanitario, dando comunicación a Riscos Biolóxicos.

Dende Riscos Laborais indican que os protocolos de actuación ante unha enfermidade de declaración obrigatoria deberían ser coñecidos por todos os traballadores/as e estar expostos en lugar visible.

6.- QUEIXAS POR FUNCIONAMENTO DAS MUTUAS

En canto ás Mutuas existe unha queixa xeneralizada de que non se están dando as baixas a tempo e en ocasións o traballador debe acudir á seguridade social para que lle proporcionen o parte de incapacidade temporal.

Nestes casos dende Riscos Laborais aconséllannos poñelo en coñecemento dese Servizo.

En canto á estatística de sinistralidade por categorías a maior porcentaxe corresponde a auxiliares de enfermería e a principal causa é, en cerca do 50% dos casos, por sobre esforzo. Desde riscos laborais indican que en moitos casos débense a mala praxe por parte do traballador/a .

Desde CSIF insistimos na necesidade da valoración das cargas nos centros xa que moitas de estas patoloxías son derivadas do sobre esforzo debido a cargas existentes.

E necesario tanto a valoración das cargas como a valoración permanente dos usuarios/as e facer unhas plantillas adaptadas a esas cargas xa que moitas veces son insuficientes e vense abocados/as a o sobre esforzo para sacar o traballo adiante.

7.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE VALORACIÓN DE DISCAPACIDAD E DEPENDENCIA EN PONTEVEDRA.

CSIF expón a situación na que traballan os equipos de Valoración de Discapacidades e dependencia en Pontevedra. Existe un único baño (cun só retrete) que utilizan homes e mulleres, tanto usuarios como traballadores. Hai que recordar que neste centro valóranse a persoas con discapacidade e dependencias, isto quere dicir que utilizan o baño acodes con incontinencia urinaria e/ou fecal, doentes contaxiosos, etc. Nos baixos destas dependencia, na zona de arquivos, existen baños que poderían ser de uso exclusivo do persoal.

Esas non son instalacións adecuadas para este tipo de servizo. Espazos reducidos que fai imposible que chegue a luz adecuadamente. As condicións hixiénicas non son adecuadas. Unha traballadora chegou a pisar unha rata e tamén denunciámos a falta dalgún material básico, como escaleiras para acceder aos

arquivadores. Esperarase ás conclusións da última visita do servizo de Riscos Laborais, realizada recentemente e en breve procederase á desratización do edificio.

8.- CAMISÓNS E ROUPA DE USUARIOS DE CENTROS RESIDENCIALES

Desde CSIF solicitamos que a próxima tanda de camisóns que se pidan para as residencias que sexan camisóns hospitalarios. Os actuais supoñen un esforzo ao traballador/a ao ter que retiralos pola cabeza do usuario. Poden ata facerlles dano.

Tamén pedimos que nos novos ingresos a roupa e utensilios que se lles piden aos residentes sexan coherentes co seu estado físico. A roupa con botóns, por exemplo, non é adecuada e complica o traballo do persoal, xa de seu sobrecargado.

Comunicamos a queixa xeneralizada polos novos produtos de limpeza que se están utilizando nos centros asistenciais que están provocando dermatites e outros problemas dermatolóxicos nas traballadoras.

9.- DEFICIENCIAS NA ESCOLA INFANTIL DE COIA

CSIF quere informar sobre as deficiencias existentes na E.I. de Coia. Desta situación xa se enviou, por parte deste sindicato, un informe pormenorizado á Xefatura Territorial. A Xefa Territorial informa que a partir da recepción deste informe xa se adoptaron medidas. Enviouse un técnico para realizar valoración "in situ" e un inspector desde Santiago. Están esperando os seus informes. A este centro xa se lle destinou unha

partida de 80.000 euros o ano pasado para reforma. Existe un problema estrutural debido a que está situado encima dun acuífero. Probablemente haberá que acometer outras reformas pero non todas se poden atender á vez. En canto aos altillos e aos almacéns baleiraranse e enviaranse a un punto limpo en breve. CSIF recorda que algunhas das reformas son de pouca entidade e que non supoñen un gasto excesivo. A xefa Territorial comprométese a mandar persoal técnico para a súa valoración novamente.

10.- RISCO LABORAL POR CAMBIO DE CORTINAS NA RESIDENCIA DE OLEIROS

Finalmente, CSIF pregunta á Xefa Territorial da Coruña polo problema das cortinas que se deben cambiar dúas veces por semana na Residencia de Oleiros e que é unha soa traballadora a que ten que subir as escaleiras coas cortinas na man, cando no anterior pleno do comité aconsellouse polo responsable de riscos laborais que deberían ir 2 persoas a facer esa tarefa. A Xefa Territorial afirma que este problema xa está solucionado, mantemos desde este sindicato que está exactamente igual que fai un ano, esixindo que se adopten medidas xa.

5. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

[CONCELLO DA CORUÑA - BOE, 22 DE FEBREIRO](#)

Resolución de 22 de enero de 2016, referente a la convocatoria para proveer varias plazas:

- **Una** plaza de **Psicólogo**, C.E. 13/10, perteneciente a la escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos Superiores, Subgrupo A1, mediante el sistema de concurso-oposición.
- **Diez** plazas de **Bomberos** del Servicio de Extinción de Incendios, C.E. 3/15, perteneciente a la escala de Administración Especial, subescala Servicios Especiales, clase Servicio de Extinción de Incendios, Subgrupo C2, mediante el sistema de oposición.

El plazo de presentación de solicitudes **será de veinte días naturales**, a contar desde el siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE.

CONCELLO DE ENTRIMO - BOP LUGO, 26 FEBREIRO

Convocatoria para a contratación laboral dun **(1) auxiliar administrativo** mediante o sistema de concurso de méritos.

O prazo de presentación de instancias é de cinco **(5) días naturais**, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

CONCELLO DE IRIXOA - BOP DA CORUÑA, 26 FEBREIRO

Convocatoria urxente de **operario** laboral interino

O prazo de presentación de instancias é de nove **(9) días naturais** (desde o 1 ao 9-3-2016),

CONCELLO DE LUGO - DOG, 23 DE FEBREIRO

Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2015.

PERSONAL FUNCIONARIO:

SUBG.	ESCALA	QUENDA	VACANTES	DENOMINACIÓN
A1	Especial	Libre	1	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local
A2	Xeral	Consolidación	1	Técnico/a medio de área económica
A2	Especial	Libre	2	Educador/a social
A2	Xeral	P.Interna	1	Técnico/a medio de xestión
C1	Especial	Libre	1	Técnico/a en xardín de infancia
C1	Xeral	P.Interna	6	Administrativo/a
C1	Especial	Libre	1	Delineante
C1	Especial	Mobilidade	2	Policía local
C2	Especial	Libre	1	Oficial lector/a de contadores
C2	Xeral	Libre	1	Auxiliar administrativo/a
C2	Especial	Libre	6	Bombeiro/a condutor
C2	Especial	P.Interna	1	Oficial sepultureiro/a
AA.PP	Especial	Libre	1	Axudante de cociña-limpeza
AA.PP	Especial	Libre	1	Celador/a de colexio público

PERSONAL LABORAL:

TITULACIÓN	QUENDA	VACANTES	DENOMINACIÓN
Graduado escolar	Libre	1	Oficial albanel
Certificado de escolaridade	Consolidación	1	Auxiliar do fogar
	Consolidación	2	Peón especialista

CONCELLO DE MEIRA - BOP DE LUGO, 25 DE FEBREIRO

Bases que rexerán a a contratación laboral temporal dun/ha **(1) limpador/a** de edificios públicos e creación dunha bolsa de emprego para substitucións.

REQUISITOS TITULACIÓN

Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título de Graduado Escolar (EXB) ou equivalente

PRAZO

10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases no BOP de Lugo.

[CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS - BOP DE LUGO, 19 DE FEBREIRO](#)

Bases referente á convocatoria para a selección urgente de persoal laboral temporal para a cobertura mediante contrato de interinidade do posto de traballador/a social- coordinador/a dos servizos sociais.

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días naturais** a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio BOP.

[CONCELLO DE MONTERROSO - BOP DE LUGO, 23 DE FEBREIRO](#)

Convocatoria para a selección con carácter temporal de varios postos de traballo:

- Técnico superior-coordinador de deportes
- Peón de servizos varios para instalacións deportivas
- Peón de limpeza de rúas e instalacións municipais.

O prazo de presentación das solicitudes é de **sete días hábiles**.

[CONCELLO DE MONTERROSO - BOP LUGO, 26 DE FEBREIRO](#)

Convocatoria das probas selectivas a través do sistema de concurso-oposición, proceso de funcionarización e promoción interna para libre da praza de funcionario **Administrativo** do subgrupo C1.

O prazo é de **20 días naturais** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOE.

[CONCELLO DE RIBADEO - DOG, 16 DE FEBREIRO](#)

Bases específicas reguladoras do acceso a posto de **condutor de vehículos** municipais de carácter laboral, interino, mediante o sistema de selección de concurso-oposición.

TITULACIÓN

Enseñanza secundaria obrigatoria, Graduado Escolar ou titulación semellante ou superior e estar en posesión dos permisos de conducir das clases B e C.

PRAZO

20 días naturais contados dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no DOG

[CONCELLO DE SADA - BOP DA CORUÑA, 25 FEBREIRO](#)

Bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal a tempo parcial dun **(1) posto de axente da tecnoloxía da información e da comunicación**.

TITULACIÓN:

- Título de técnico superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas ou de administración de sistemas informáticos en rede.
- Diplomatura universitaria de enxeñería técnica en informática.
- Licenciatura universitaria de enxeñería informática.

PRAZO

10 días hábiles a partir do seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

[CONCELLO SAN CIBRAO DAS VIÑAS - BOP OURENSE, 22 FEBREIRO](#)

Bases para a selección de persoal laboral temporal para cubrir os seguintes postos, mediante o sistema de concurso-oposición:

- 1 coordinador de instalacións e actividades deportivas
- 1 administrativo de dinamización social para o desenvolvemento da cultura local
- 1 profesor de música, espec. vento-metal

[CONCELLO VALADOURO - BOP DE LUGO, 25 DE FEBREIRO](#)

Extactos das convocatorias e de basas para a selección dos seguintes postos:

- Xardineiro, oficial de 1ª
- Operario-condutor, oficial de 1ª
- Operario de servizos múltiples, oficial de 1ª

Os prazos de presentación das solicitudes é de **cinco días hábiles** contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP.

6. CURSOS DO INAP PARA PERSOAL DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

[MINISTERIO DE HACIENDA Y AA.PP - BOE, 22 DE FEBRERO](#)

Resolución de 18 de febrero de 2016, del Instituto Nacional de Administración Pública, por la que se convocan **ACCIONES FORMATIVAS DE CARÁCTER GENERAL** para el primer semestre de 2016.

DESTINATARIOS

Podrán participar en los cursos relacionados en el anexo los empleados públicos pertenecientes a cuerpos y escalas de los subgrupos A1, A2, C1, C2 y E, y el personal laboral fijo equivalente, que presten sus servicios en las Administraciones públicas y necesiten, para el buen desempeño de su puesto de trabajo y/o perfeccionamiento profesional, el desarrollo de las competencias generales y/o específicas indicadas en cada actividad formativa.

AREAS

- Área de Organización y Funcionamiento
- Área de Recursos Humanos
- Área de Habilidades Profesionales
- Área de Gestión Económica y Contratación
- Área de Administración Electrónica y Herramientas Informáticas



[MINISTERIO DE HACIENDA Y AA.PP - BOE, 22 DE FEBRERO](#)

Resolución de 18 de febrero de 2016, del Instituto Nacional de Administración Pública, por la que se convocan **ACCIONES FORMATIVAS DIRIGIDAS A PERSONAL DIRECTIVO Y PREDIRECTIVO** para el primer semestre de 2016.

DESTINATARIOS

Podrán participar los funcionarios pertenecientes a cuerpos y escalas del subgrupo A1 y personal laboral fijo asimilado de todas las Administraciones públicas.

AREAS

- Dirección y Gestión Pública
- Actividad y Procedimiento Administrativo
- Políticas Públicas
- Unión Europea y Relaciones Internacionales
- Habilidades Profesionales y Directivas

[MINISTERIO DE HACIENDA Y AA.PP - BOE, 22 DE FEBRERO](#)

Resolución de 18 de febrero de 2016, del Instituto Nacional de Administración Pública, por la que se convocan **ACCIONES FORMATIVAS EN MATERIA DE TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN Y COMUNICACIONES** para el primer semestre de 2016.

DESTINATARIOS

Podrán participar en los cursos relacionados en el anexo los empleados públicos pertenecientes a cuerpos y escalas de los subgrupos A1, A2, C1 y C2, y personal laboral fijo equivalente, que presten sus servicios en las Administraciones públicas y que necesiten para el buen desempeño de su puesto de trabajo y/o perfeccionamiento profesional el conocimiento de la materia desarrollada en la actividad formativo.

AREAS

- Área de organización y gestión de los sistemas de información
- Área de redes, comunicaciones e internet
- Área de programación y lenguajes
- Área de seguridad de sistemas
- Área de herramientas informáticas



[MINISTERIO DE HACIENDA Y AA.PP - BOE, 22 DE FEBRERO](#)

Resolución de 18 de febrero de 2016, del Instituto Nacional de Administración Pública, por la que se convocan **ACCIONES FORMATIVAS EN MATERIA DE IDIOMAS** para el primer semestre de 2016.

DESTINATARIOS.

Podrán participar en los cursos relacionados en el anexo los empleados públicos pertenecientes a cuerpos y escalas de los subgrupos A1, A2, C1 y C2, y el personal laboral fijo equivalente, que presten sus servicios en las Administraciones públicas y necesiten para el buen desempeño de su puesto de trabajo y/o perfeccionamiento profesional el desarrollo de las competencias generales y/o específicas indicadas en cada actividad formativa.

PLAZOS DE LAS CONVOCATORIAS

El plazo de presentación de solicitudes será de **quince días naturales** contado a partir del día siguiente al de la publicación de esta resolución en el BOE.

7. PRAZAS EN ESCOLAS INFANTIS 0-3 ANOS PARA O CURSO 2016/17

[Orde do 18 de febreiro de 2016 pola que se convoca e se establece o procedemento de **adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 de titularidade privada con prazas concertadas** para o curso 2016/17.](#)

[Resolución do 18 de febreiro de 2016 pola que se convoca o procedemento de **adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais** para o curso 2016/17.](#)

[Resolución do 17 de febreiro de 2016 pola que se convoca o procedemento de **adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar** para o curso 2016/17.](#)



8. OUTRAS NOVAS: CURSOS EGAP, OEP, RPT, INSTRUCCIÓN SOBRE VACACIÓNS, PERMISOS...

[EGAP - DOG, 26 DE FEBEIRO](#)



Resolución do 19 de febreiro de 2016 pola que se convocan as actividades de formación para o persoal de administración e servizos (PAS) das universidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

[CONSELLO DA XUNTA - 25 DE FEBREIRO](#)



Decretos polos que se aproban as OEP 2016 de persoal:

- Funcionario e laboral da Admón. Xeral da C.A. de Galicia
- Funcionario dos corpos docentes, da L.O. 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Estatutario do Servizo Galego de Saúde



[DEPUTACIÓN DE OURENSE - BOP OURENSE, 17 FEBREIRO](#)

Aprobación definitiva do Plan de ordenación de recursos humanos de 2016



[DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA - 24 DE FEBREIRO](#)

Resolución do 24 de febreiro do 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas para o persoal

9. OS SETE CONSELLOS PARA MELLORAR A SAÚDE CARDIOVASCULAR - AMERICAN HEART ASSOCIATION

Recentemente, a Asociación Americana do Corazón publicou unha lista de sete pasos sinxelos, dirixidos a revisar o noso estilo de vida para lograr unha mellor saúde. Como asegura a Asociación, calquera persoa pode levarlos a cabo e cada paso dado representa un gran beneficio.

1. Control da presión arterial. Unha presión arterial elevada representa un alto risco de enfermidade cardíaca e derrame cerebral. Vixiar a presión arterial para que se manteña dentro dos límites considerados seguros, permite reducir a tensión e esforzo do corazón, as arterias e os riles.

2. Controla o colesterol. O control do colesterol "malo" (LDL) permite ás arterias permanecer máis limpas, sen bloqueos que poidan causar accidentes cardiovasculares.

3. Vixía a glucosa en sangue. É un dos maiores inimigos dos nosos órganos vitais. Reducir nivélelos azucre en sangue, na maioría dos casos, axuda a protexer eses órganos.

4. Actividade física. Practicar exercicio físico de xeito regular e controlada é clave para lograr o benestar físico e psicolóxico. Para os adultos recoméndase, polo menos, unha actividade moderada diaria de 30 minutos, cinco días/semana.

5. Alimentación adecuada. Unha dieta saudable inclúe verduras, froitas, alimentos ricos en fibra e peixe; pola contra, convén evitar e reducir o consumo de alimentos procesados, fariñas refinadas, graxas trans e azucres engadidos.

6. Mantén o peso adecuado. Ao eliminar a graxa extra e innecesaria, redúcese a carga que soportan o corazón, os pulmóns, os vasos sanguíneos e o esqueleto, incidindo directamente nunha baixada da nosa presión arterial.

7. Deixar de fumar. Unha das mellores medidas para mellorar nosa saúde. O tabaco é unha das principais causas de morte temprana e está probado que incrementa notablemente o risco de contraer graves enfermidades e non só cardiovasculares.



En definitiva, **vixiar a túa saúde con controis rutineiros, facer exercicio, non fumar e seguir unha alimentación sa**, como a nosa dieta mediterránea, son o noso mellor aliado.

Si estás interesado, podes realizar o test de saúde que a Asociación ten na súa páxina web:

http://mylifecheck.heart.org/AssessmentTools2/main_sp_US.html

10. THE WEEKLY PRESS

[La Xunta promueve medidas para favorecer la conciliación laboral de sus empleados](#) LA VOZ DE GALICIA

[Los funcionarios tendrán derecho a permiso de lactación aunque su pareja no trabaje](#) FARO DE VIGO

[La oferta de empleo público en la Administración general aumenta hasta 714 plazas](#) LA VOZ DE GALICIA

[La Xunta aplaza la evaluación de sus 86.300 empleados para después de las elecciones](#) FARO DE VIGO

[Cada trabajador gallego tiene que sostener ya la nómina de un pensionista o un parado](#) FARO DE VIGO

["Condicions lamentables" dos encargados de tramitar as axudas do paro](#) GALICIA CONFIDENCIAL

[CSIF reclama a los partidos consenso para impulsar una Ley por la Igualdad Salarial](#) LA INFORMACIÓN

Departamento Comunicación CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, baixo

15707 Santiago

Teléfono: 981 575 140

Nos puede seguir en Facebook (Herald Toupeiras) y Twitter (@HeraldToupeiras)



Programa de adopcións especiais

Informámoste persoalmente:

981 26 99 55

Email: adopcion.especial.t1@meninos.org
adopcion.especial.t2@meninos.org

Avda. de Cáliz, nº5 2º Esquerda
(Edif. A Milagrosa)
15008 A Coruña

www.meninos.org



XUNTA
DE GALICIA

Construamos unha
familia xuntos
Adopta!

Imaxe: Marco Späcker (Filippi)

Programa de
Adopcións Especiais



XUNTA
DE GALICIA

Programa de adopcións especiais

Este programa ten como finalidade o desenvolvemento de adopcións de nenos, nenas e adolescentes que, por presentar necesidades especiais, teñen unha maior dificultade para atopar unha familia (por exemplo, adolescentes, grupos de tres ou máis irmáns e/ou irmás, nenos ou nenas con discapacidade ou enfermidade, ou calquera outra característica que poda dificultar a adopción).

A adopción supón a plena integración do neno, nena ou adolescente na familia.

INFÓRMATE:

981 26 99 55

En Meniños buscamos familias dispostas a ofrecerlle a un neno, nena ou adolescente un ambiente familiar estable e seguro.

Ofrecemos ás familias información, formación, orientación, acompañamento e apoio técnico durante todo o proceso.



CSI-F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
coruna@csi-f.es

CSI-F Unión Autonómica Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
galicia@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
lugo@csi-f.es

A CORUÑA

LUGO

SANTIAGO

PONTEVEDRA

OURENSE

CSI-F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
pontevedra@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ourense@csi-f.es

www.heraldtoupeiras.es



2016

